

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E ECOS DO SUR PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE INFORMACIÓN, PREVENCIÓN E SENSIBILIZACIÓN DE VIOLENCIA SEXUAL E TRATA, PREFERENTEMENTE ENTRE MULLERES INMIGRANTES, RESIDENTES NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

De conformidade co Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle, entre outras funcións, impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

O artigo 41.3 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, recolle a obriga da Xunta de Galicia na loita contra o tráfico de mulleres, nenas e nenos que teñan como finalidade fundamental a súa explotación sexual no territorio da nosa comunidade autónoma, establecendo que esa loita deberá realizarse a través dunha intervención integral que permita a prevención, detección, atención e, se é o caso, integración das mulleres vítimas do tráfico de explotación sexual.

O artigo 3 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, considera como formas de violencia de xénero tanto a violencia sexual como a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual, calquera que fose a relación que une a vítima co agresor e o medio utilizado. A mesma Lei dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.

Os datos que recollen os informes e estudos oficiais existentes, indican que a incidencia da trata de seres humanos con fins de explotación sexual afecta nun 99% a mulleres e nenas (outra forma de violencia de xénero), e entre elas, a gran maioría pertencente ao colectivo de inmigrantes.

Por outra banda, en Galicia existe a Rede galega contra a Trata, entidade integrada por 10 ONGs que traballa para dar a coñecer o delito da trata de Persoas en Galicia, un fenómeno oculto e invisibilizado aínda na nosa comunidade, á vez que colabora na identificación das súas vítimas. O seu labor levou á Rede galega contra a Trata, a ser galardoada no ano 2015 coa Medalla Castelao, coa que a Administración autonómica distingue a persoas ou entidades merecedoras do recoñecemento do seu pobo en calquera faceta da actividade.

Ecos do Sur é unha das entidades que integra a Rede galega contra a Trata, e que se atopa avalada pola experiencia contrastada de moitos anos de traballo con mulleres inmigrantes vítimas de trata con fins de explotación sexual e/ou laboral. Desenvolve en Galicia accións que teñen como fin promover a participación e integración activa desta vítimas na vida



social, laboral, económica a través de programas específicos de atención integral de acollida, axuda psicolóxica, xurídica e asistencia directa.

Coa sinatura deste convenio de colaboración trátase de impulsar accións de información, prevención e sensibilización da violencia sexual e trata, que se amosan de enorme importancia na prevención da violencia entre a poboación inmigrante.

O tipo de accións a realizar no marco deste convenio de colaboración, accións de información, prevención, sensibilización e apoio directo a vítimas de trata, explotación sexual e mulleres en contextos de prostitución, sobre todo inmigrantes, non poden ser obxecto de financiamento a través da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de proxectos de atención social integral con estas vítimas, dada a natureza dos fondos (FSE) cos que se financia, que esixe a identificación nominativa de cada una das mulleres participantes nos ditos proxectos de atención social integral

Pola contra, os fondos que sufragan o presente convenio de colaboración recíbense na CCAA de Galicia ao abeiro da Conferencia Sectorial de Igualdade 2021 (fondos finalistas do Estado), que prevén expresamente o apoio a mulleres inmigrantes e vítimas de violencia sexual. Así, os contextos nos que viven e nos que son detectadas moitas das vítimas de trata e explotación sexual, clubs, pisos ou rúa, imposibilitan na meirande parte das ocasións, a súa identificación, ao que se engade a situación administrativa irregular na que se atopan moitas delas, o que as coloca en situación de máxima vulnerabilidade

Dado que a entidade Ecos do Sur, como integrante da Rede Galega contra a Trata é unha entidade que acredita experiencia na atención directa ás vítimas, entrada nos clubs e pisos nos que se exerce a prostitución e onde se teñen detectado vítimas de trata de seres humanos, e amosa ademais colaboración estable con todas as entidades que integran a Rede, coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado no caso de redadas policiais e asistencia ás vítimas, a Consellería de Emprego e Igualdade, estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa entidade Ecos do Sur, para o financiamento das accións previstas no convenio.

Para o financiamento das actividades obxecto do convenio a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, achegará a cantidade de 5.000 € (cinco mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 11.02.313D.481.1 (código de proxecto 2012 00931) no marco dos fondos finalistas asignados á CCAA de Galicia a través de Conferencia Sectorial de Igualdade para o exercicio 2021

A concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder realizar accións de información, prevención, sensibilización da violencia sexual e trata, así como na atención e apoio ás vítimas desta violencia, preferentemente inmigrantes, coa finalidade de apoiar a súa recuperación e integración, a través das entidades que forman parte da Rede galega contra a trata, todas elas con acreditada experiencia nesta temática.



Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

